

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE OUTUBRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00047071K.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 10 de outubro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 11 de outubro de 2022.
- Ordinaria de data 17 de outubro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 17 de outubro de 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021450A.**

#### **Construción de piscina privada de uso particular e reforma edificación auxiliar en LG Piñeiro, 47 Villestro.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 12/05/2021 e a documentación técnica presentada o 10/09/2021 e 28/07/2022, cun orzamento de execución material de 26.687,87 €, a construción de piscina privada de uso particular e reforma de edificación auxiliar situada no Lugar de Piñeiro 47 Villestro, Santiago de Compostela (A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00010291H.**

#### **Licenza para a construción dunha piscina e edificación auxiliar na Travesía da Susana,18 Marrozos.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 25/02/2022 e a documentación técnica presentada o 07/09/2022, cun orzamento de execución material de 9.130,00 €, a construción dunha piscina e edificación auxiliar na Travesía da Susana,18 Marrozos Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00037127V.**

#### **Licenza para a construción de alpendre de uso agropecuario e legalización de obra iniciada situado na Rúa Eira Nova, 73.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 03/08/2021 e a documentación presentada o 05/07/2022 e 26.08.2022, a construción de alpendre de uso agropecuario e legalización de obra iniciada situado na Rúa Eira Nova, 73 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 13.315,70 €.

**5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028725X.**

**Corrección de erro no acordo de 30-08-2021, relativo ao reaxuste de anualidades no contrato “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Concello de Santiago de Compostela”.**

Acórdase roceder á emenda do erro advertido tanto na proposta como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela relativo ao reaxuste de anualidade de data 30 de agosto de 2021 do contrato *Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Concello de Santiago de Compostela*, de xeito que onde di:

*Anualidade 2021: 1.258.237,45 euros.*

*Anualidade 2022: 3.774.712,34 euros.*

*Anualidade 2023: 3.774.712,34 euros.*

*Anualidade 2024: 2.516.474,89 euros.*

Debe dicir:

*Anualidade 2021: 1.258.237,45 euros.*

*Anualidade 2022: 3.895.712,34 euros.*

*Anualidade 2023: 3.895.712,34 euros.*

*Anualidade 2024: 2.637.474,89 euros.*

**6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051731Q.**

**Corrección de erro no acordo do 04/07/2022, relativo a revisión de IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais, Servizos Básicos Comunitarios.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local de data 01/07/2022, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 04/07/2022, relativo a revisión de IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais, Servizos Básicos Comunitarios, de xeito que:

**Onde di:**

**Segundo.-** *Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 978,84 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOIS.*

*Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 498,95 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.*

*Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 479,89 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente*

**Debe dicir:**

**Segundo.-** *Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 978,84 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOIS.*

*Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 532,92 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.*

*Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 445,92 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051382N.**

**Subsanación de erro no acordo do 04/07/2022, relativo a revisión de IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local de data 01/07/2022, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 04/07/2022, relativo a revisión de IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, de xeito que :

**Onde di:**

**Segundo.**- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 1.098,84 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOIS.

Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 560,13 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 538,71 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

**Debe dicir:**

**Segundo.**- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 1.098,84 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOIS.

Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 598,26 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 500,58 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente

## **8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056859S.**

**Substitución dun membro do comité de expertos para a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor da licitación CON/79/2021 Servizo de oficina de TRANSFORMACIÓN DIXITAL.**

Acórdase substituír a D. C. I. como membro do comité de expertos para a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor da licitación (CON/79/2021) no procedemento de contratación do Servizo de oficina de TRANSFORMACIÓN DIXITAL por M. J. V. Á., Xefe do Servizo de Sistemas de Información do Concello de Ourense.

## **9. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/241.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (10) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas para as distintas dependencias municipais correspondente a varios períodos entre decembro de 2021 e agosto de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (3.784,10 €), segundo relación contable de facturas S/2022/241 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2679 emitida por Naturgy Iberia S.A. por un importe de 248,93 € e remata pola número F/2022/3920 emitida por Naturgy Iberia S.A. por un importe de 542,24 €.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

## **10. DEPORTES. Referencia: 3519 - Fra. xaneiro-febreiro.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2469 emitida pola mercantil AGRONERGA S.L., en concepto de servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015), correspondente ao meses de xaneiro e febreiro de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais (CON/59/2015), correspondente ao meses de xaneiro e febreiro de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de DOUS MIL NOVECIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.983,64 €), segundo a factura F/2022/2469 que se achega no expediente, e correspondente aos meses de

xaneiro e febreiro de 2022, emitida pola empresa AGRONERGA S.L., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **11. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00046677H.**

##### **Corrección de erro nas cuantías da solicitude de subvención nominativa á Deputación, aprobada na sesión de 10 de outubro de 2022.**

Acórdase a aprobación de corrección de erros nos importes da solicitude á Deputación Provincial da Coruña das subvencións nominativas para as actividades dos Centros Socioculturais de ámbito rural correspondentes o ano 2022.

Donde di :

1.- *“As actividades dos centros socioculturais de ámbito rural por un importe de 90.000 € de un total de 130.000 € de gasto a xustificar por parte do Concello correspondendo a un coeficiente de financiamento do 62,27 %.”*

Debe de decir.

Aprobación da solicitude da subvención para as actividades socioculturais de ámbito rural por un importe de 90.000 €, de un total de 158.141,31 € de gasto a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un coeficiente de financiamento do 56,91%.

Aprobación da solicitude de subvención para o sostemento do centro sociocultural do Ensanche  
Donde di”

2.- *solicitar “ Para gastos do persoal e sostemento do Centro Sociocultural do Ensanche por un importe de 158.141,31€ de un total de 208.760, 25 € de gastos a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un gasto de financiamento do 56,91%.*

Debe decir,

Solicitar subvención para o sostemento do Centro Sociocultural do Ensanche por un importe de 130.000 € de un total de 208.760, 25 € de gastos a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un gasto de financiamento do 62,27 %

#### **12. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00021624Q.**

##### **Aprobación da estimación do recurso contra a concesión e xustificación das axudas para o rescate do sector cultural mais afectado pola crise da covid 19. Anualidade 2020.**

Acórdase:

1. Estimar o recurso potestativo de reposición interposto por B. B. L. contra a exclusión da súa solicitude na convocatoria de axudas para o rescate do sector cultural afectado pola crise da COVID 19, anualidade 2020 manifestado na Resolución 2021/1476 de data 19 de febreiro de 2021.
2. Aprobar o gasto, a concesión e o recoñecemento da obriga por importe de 2.286,43 € a B. B. L. con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 4790100.

#### **13. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00047089Q.**

##### **Aprobación dos membros do xurado da XIV Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica. Ano 2022.**

Apróbanse os membros do xurado da XIV Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica, que son os seguintes:

Don Rubén Prol Mariño, Concelleiro-Delegado de Educación.

Dona Andrea Maroñas Bermúdez. Representante de Nova Escola Galega.

Dona Rosa María Vicente Álvarez. Representante de Nova Escola Galega.

Dona Diana Pastoriza Espasandin. Representante do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Dona Ana Guerra. Representante da Asociación Galega de Editoras (Vicepresidenta).

Dona Raquel Mariño Fernández. Representante do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC (Profesora Contratada Doutora).

Don Juan Carlos Porrúa Pardal, Director de Área de Recursos Humanos, con atribución temporal das funcións técnicas do Departamento de Educación, Resolución número 2022/9813.  
Dona Cristina Salgado Pato. Técnica do Departamento de Educación.

**14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00046129E.**

**Dar conta da sentenza recaída no procedemento PA 231/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza 336/2022, do 29.09.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 231/2020

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local do 20.04.2020 polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra as liquidacións en concepto de IIVTNU por importes de 2.214,06 e 5.329,53 euros, ditadas no expte de comprobación limitada 382/2019.

A sentenza é desfavorable para os intereses municipais ao estimar íntegramente o recurso contencioso-administrativo. A sentenza é firme, polo que non cabe interpoñer recurso

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Tesourería (Sección de Inspección) para os efectos oportunos.

**15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00045324E.**

**Dar conta da sentenza recaída no procedemento PA 249/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza nº 326/2022, do 28.09.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 249/2020

Demandante: Nuestra Señora de la Gracia, del Amor y de la Esperanza

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local do 2.03.2020, polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra a liquidación en concepto de IIVTNU por importe de 7.704,24 €.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, ao estimar íntegramente o recurso contencioso-administrativo. Considera o xulgado que cando a entidade que recibe a título oneroso un inmovible cumpre cos requisitos da Lei 49/2022, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, esta exenta do pago da plusvalía municipal, en virtude do previsto no artigo 15.3, 1º da dita Lei, sen que sexan esixibles os requisitos do 15.3, 2º, aplicables só ás transmisións onerosas feitas por estas entidades. A sentenza é firme, polo que non cabe interpoñer recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Tesourería (Sección de Inspección) para os efectos oportunos.

**16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00045473X.**

**Dar conta da sentenza núm. 329/2022 recaída no Procedemento Abreviado 385/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza 329/2022, do 28.09.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento Abreviado 385/2020

Obxecto: Resolución do Tesoureiro Municipal do 21.08.2020, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a dilixencia de embargo do expte 63403, con data do 6.03.2020, por importe total de 4.113,80 €.

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais, ao desestimar na súa totalidade o recurso contencioso-administrativo. Considera o xulgado que as notificacións da débeda e a notificación do recurso de reposición formulado o 18.06.2019 foron válidas, ao practicarse no domicilio no que se fixeron outras notificacións posteriores que é, ademais, o sinalado pola recorrente nos seus múltiples escritos dirixidos ao Concello. A sentenza é firme, polo que non procede interpoñer recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Tesourería (Sección de Recadación) para os efectos oportunos.

**17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00046440B.**

**Dar conta de sentenza recaída no PA 476/2020 CA1.**

Dase conta da sentenza 344/2022, do 30.09.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 476/2020

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude presentada con data 29.07.2020, de rectificación das autoliquidacións do IIVTNU nº 3320257 e 3320258, por importe de 6.575,60 €

A sentenza é desfavorable para os intereses municipais ao estimar íntegramente o recurso contencioso-administrativo. A sentenza é firme, polo que non cabe interpoñer recurso

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Tesourería (Sección de Xestión Tributaria) para os efectos oportunos.

**18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00047071K.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 14 ao 20 de outubro de 2022.

**URXENCIAS**

**19. Autorización do propietario para ampliación centro atención integral no SUNP-14 na parcela DM-2 SUNP-14.**

Acórdase reservar por un ano a parcela DM-2 do SUNP-14 para a implantación da ampliación do centro de atención integral pola Asociación Sarela.

A presente reserva implica a dispoñibilidade da parcela e a autorización do Concello coma propietario do inmovible a Asociación Sarela para a ampliación do centro de atención integral para o fin solicitado podendo concorrer aos procedementos de subvencións coa autorización do propietario.

**20. Aprobación do texto do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria S.A. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2022**

Apróbase do texto do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria S.A. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2022.

As actividades concretas obxecto do convenio son varios concertos que se celebran na Praza da Quintana e no parque de Galeras, un espectáculo de danza que ten lugar na praza de San Martiño Pinario e un festival de drons que se realiza no parque de Belvís.

O orzamento estimado é de **54.683 €**.

As actividades propostas para este convenio foron todas elas obxecto do correspondente expediente individual de contratación polo que todas elas contaron coa dispoñibilidade orzamentaria necesaria dentro dos orzamentos municipais do departamento de festas e as operacións foron debidamente contabilizadas pola área de contabilidade do departamento de intervención.

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades anteditas cunha achega de 40.000€. ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000€, en concepto de patrocinio.

A vixencia do convenio será até o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogable, sen que o Concello e a empresa asuman ningún outro compromiso máis que os recollidos no convenio.

O Concello de Santiago non contrae ningún tipo de obriga económica nin gasto adicional como consecuencia da sinatura do convenio proposto.

**21. Proposta da alcaldía relativa a aprobación da aportación de socio do Concello de Santiago para o exercicio 2022 á SOCIEDADE PROMOC INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS MP,SL (UNINOVA) ante a Xunta de Goberno de Santiago de Compostela.**

Acórdase:

1. Vista a previsión no orzamento municipal 2022, dunha achega á Sociedade para a Promoción da Iniciativas Empresariais Innovadoras MP; S.L. (UNINOVA), por importe de 75.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4490000, é vista a solicitude desta entidade de pagamento da aportación de Socio do Concello de Santiago aprobada no seu Consello de Administración de 17 de xaneiro de 2022 , é preciso proceder á aprobación de dunha aportación á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras MP, S.L. (UNINOVA), polo importe de 60.000,00€.en concepto de achega de socio correspondente ao ano 2022 con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4490000.

2. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para que proceda ao pagamento desta aportación de socio do Concello de Santiago de Compostela á SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, MP SL (UNINOVA) por importe de 60.000,00€.

**22. 22. Aprobación da convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva e tramitación anticipada de gasto, de subvencións de cooperación ao desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase:

PRIMEIRO. Aprobar a Convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva e tramitación anticipada de gasto, de subvencións de cooperación ao desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela, para a que se establece unha consignación económica por importe de 167.471,36 euros.

SEGUNDO. A concesión destas subvencións estará suxeita á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio 2023.

TERCEIRO. Publicar as bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.(BDNS).